

***Circular 11/2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións relativas á organización da primeira e da segunda fase do Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2013.***

A Resolución do 29 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan os Premios Nacionais de Educación na ensinanza non universitaria correspondentes ao ano 2013 nas categorías de centros docentes, carreira académica de investigación e innovación educativa, entidades para a promoción educativa, equipos docentes e rendemento académico do alumnado (BOE do 20 de agosto), determina os elementos básicos polos que se rexerán as distintas fases do Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2013.

Os centros docentes e as Administracións educativas das comunidades autónomas colaborarán na selección do alumnado participante na fase nacional do concurso.

De acordo co anexo V da norma, poderá participar no concurso o alumnado de centros docentes españois que estea matriculado durante o curso 2013-2014 no segundo curso de bacharelato.

En consecuencia, en virtude do establecido no anexo V da citada resolución,

DISPOÑO

**Primeiro**

Convócanse a primeira e a segunda fase do Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2013, nas que poderá participar o alumnado que no curso 2013-2014 estea a cursar segundo curso de bacharelato en centros educativos de Galicia, de titularidade tanto pública como privada.

## Segundo

Os centros que desexen participar deberán seleccionar un/unha alumno/a, de acordo coas instrucións que figuran nas alíneas D.1 e D.2 do anexo V da Resolución do 29 de xullo de 2013.

Ata o día 21 de outubro de 2013 deberase inscribir o gañador ou a gañadora da primeira fase (no centro docente) para participar na segunda fase (ámbito da Comunidade Autónoma), cubrindo o modelo de inscrición do anexo I. Este anexo enviarase á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo).

Así mesmo, dentro dese prazo e co propósito de facilitar a organización da segunda fase, os centros comunicarán ao enderezo electrónico [sacse@edu.xunta.es](mailto:sacse@edu.xunta.es) os datos do/a alumno/a seleccionado/a (código e nome do centro, concello, nome, apelidos e NIF do/a participante).

## Terceiro

De acordo coa alínea D do anexo V da citada Resolución do 29 de xullo de 2013, constituirase un xurado que estará formado polos seguintes membros:

- Presidenta:
  - ✓ A subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  - ✓ A persoa titular do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
  - ✓ Ata dous/dúas catedráticos/as, profesores/as ou inspectores/as das especialidades de lingua e literatura ou latín, que designará esta dirección xeral.





- Secretario/a:
  - ✓ Un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### **Cuarto**

O alumnado inscrito na segunda fase presentarse ás 17 horas do día 24 de outubro de 2013 no IES de Sar, Curros Enríquez s/n, de Santiago de Compostela (A Coruña), para a realización das probas de selección.

#### **Quinto**

1. O xurado proporá ás persoas aspirantes series de palabras con nivel progresivo de dificultade, que terán carácter eliminatorio.
2. No inicio das probas, o xurado fará público os criterios para levar a cabo o proceso de eliminación, así como de resolución dos posibles empates.
3. O xurado seleccionará como gañador/ora da segunda fase o/a alumno/a que supere o maior número de series.

#### **Sexto**

1. O xurado fará pública a acta cos nomes do alumnado seleccionado para a fase nacional do concurso a través do portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <https://www.edu.xunta.es>. Así mesmo, o/a secretario/a do xurado deberá remitir a correspondente notificación á persoa gañadora.
2. O orixinal quedará arquivado na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### **Sétimo**

As persoas clasificadas nos dous primeiros lugares da segunda fase recibirán un agasallo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



## Oitavo

A persoa gañadora da segunda fase, acompañada por un profesor ou unha profesora do seu centro, participará como representante da Comunidade Autónoma de Galicia na fase nacional, que se celebrará no lugar e na data que sinala o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. En todo caso, estas probas terán lugar no mes de novembro de 2013.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2013.



Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Xefas/es territoriais da Consellería de Cultura, Educación E Ordenación Universitaria.  
Xefas/as dos servizos territoriais de Inspección Educativa.  
Directoras/es dos centros de formación e recursos.  
Directoras/es dos centros públicos e privados nos que se imparta bacharelato.  
Xefas/es de departamentos de Lingua Castelá e Literatura.



**ANEXO I**

**CONCURSO HISPANOAMERICANO DE ORTOGRAFÍA 2013  
 INSCRIPCIÓN DO CENTRO NA SEGUNDA FASE**

Don/dona....., director/ora do centro:  
 Denominación ..... Código .....  
 Enderezo .....  
 Localidade ..... CP ..... Provincia .....  
 Manifesto a nosa vontade de participar no Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2013, de acordo co establecido na Resolución do 29 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades (BOE do 20 de agosto).

Datos da/o alumna/o representante do centro:  
 Apelidos .....  
 Nome ..... NIF .....  
 Domicilio .....  
 Localidade .....  
 Provincia ..... CP ..... Teléfono .....  
 Enderezo electrónico .....

..... de ..... de 2013

(Sinatura e selo do centro)

**Sr. director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
 (Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo).  
 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.  
 Edif. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 1º. 15781 – Santiago de Compostela.